



### Sarria - Portomarín

#### Kilómetro cero

#### para conseguir a Compostela

*Desistín de quedar en Samos, malia que nos ofrecían a mesma ración que aos monxes, e iso ao longo de tres días. Puiden repostar, e déronme socorro con algúns cartiños para compensar a miña indixencia. Teño os pés desfeitos e en carne viva. Por veces nin os sinto. É curioso, en Sarria, aos que volven da romería, se están sans e presentan un certificado, agasállanos con oito maravedís; se enfermos, amais de procurarlles un sapientísimo cirurxián e un bo enfermero, danlles leito, luz e 24 maravedís.*

Geofroi de Biletot, "Dietario íntimo", ano 1381.

### Sarria – Viley 3 Km:

*Es curioso, en Sarria, a los que vuelven de la romería, si están sanos y presentan un certificado, les regalan ocho maravedises; si enfermos, a más de procurarles un sapientísimo cirujano y un buen enfermero, les proporcionan cama, luz y 24 maravedises. Vaya esto en compensación de las violencias que otros, por estos mismos parajes, cometen contra los peregrinos. ¡Hay que ver cómo es de escarpada y de inasequible esta tierra de Galicia!. Geofroi de Buletot, Portomarín, 12 de abril de 1381*

Malia que o *Liper Peregrinationis* non fai mención ás poboacións que atravesamos polo Camiño por estas terras, agás Barbadelo e Portomarín, nesta etapa teremos ocasión de visitar 26 núcleos de poboación en tan só 22.7 km camiñando pola Veiga do Sarria e polo Val do Miño.

Abandoamos **Sarria** dende o Convento da Madanela baixando polo lateral Leste do cemiterio cara A Áspera onde só quedan dúas casas e conserva unha ponte medieval –Ponte Áspera- que salva o río *Celeiro* tamén coñecido como *río Pequeno* e que na Idade Media se denominaba *río Barbadelo*. Pasaremos un viaducto para cruzar as vías do tren. Etre lanzais bosques autóctonos subimos por **San Miguel** a **As Paredes**, con vestixios castrexos entre as dúas poboacións: *O Castro das Paredes*, para, cruzando o *río Paredes* chegar a **Viley**.

A uns 700 m, chegamos ao lugar de Mosteiro, onde se ubica Barbadelo coa igrexa románica de Santiago, Monumento Nacional

A uns 300 m, atopamos o lugar de San Silvestre

### Viley - Barbadelo 700 m:

Unha das primeiras noticias que temos de Barbadelo remóntase ao s. XI data na que o seu mosteiro dúplase se anexiona a Samos.

Para saber máis sobre a fermosa igrexa de Santiago de Barbadelo: <http://www.arquivoltas.com/11-Galicia/01-Barbadelo01.htm>

### Barbadelo – Rente 1 Km:

O camiño lévanos a **Rente, cunha bonita carballeira**.

### Rente - Brea 6.5 Km:

De **Rente** imos a **Mercado da Serra**, cuxa toponimia semella indicar para algúns un punto de mercadoría dos xudeos de Portomarín. Chegamos ao *muíño de Marzán* construído cara 1920. foi o primeiro muíño eléctrico da comarca, promovido por Xosé Gayoso . Pasamos o regato do *Real*, tras atravesar unha carballeira e acadamos **Leimán**.

Atopamos **Pena** e **Peruscallo** coa súa *Fonte da Bica* e o seu maxestuoso carballo. O románico deixa a súa pegada na capela de **Belante**. Seguimos por **Cortiñas**, **Lavandeira** e **Casal**.

### Brea – Portomarín 9 Km:

Pasamos o *regato de Chelo* subindo cara Brea. Tras Brea aparece o km 100 e seguindo o camiño, en **Morgade**, unha pequena capela

Baixamos polo *regato Ferreiros* para despois subir ao pobo de **Ferreiros** que a tradición proclama como lugar onde os ferreiros arranxaban o calzado e cabalgaduras dos peregrinos. É destacable o pórtico da igrexa de Santa María de Ferreiros, en **Mirallos** que antes estivo en Ferreiros e se trasladou aquí en 1790.

Pasamos **Pena, Rozas, Pena do Cervo**, con panorámica de **Paradela** e ascendemos a **Moimentos**, cunha pequeniña igrexa barroca. Baixamos por **Cotarelo** e **Mercadoiro** cara **Moutrás**, onde se albisca o río embalsado, antes de chegar á **Parrocha**. Baixamos a **Vilachá**, onde nas súas proximidades seica fixeron unha das primeiras reunións os Cabaleiros da Orde de Santiago, alá polo 1170, no Mosteiro de Riabaloio.

Un forte descenso nos leva ao encoro de Belesar e, cruzando a Ponte sobre o Miño, chegamos a Portomarín.

### Portomarín.

O 8 de Febreiro de 1946 a vila de Portomarín foi declarada Conxunto Histórico Artístico.

A importancia do municipio albíscase nos numerosos vestixios arqueolóxicos, que en forma de medorras e castros proliferan por todo o municipio. Exemplos de iso son o Castro de Catromaior, o Castro da Vires, o Castro de Bedro, Castrolobrix e, Castro de Vila e o Castro de Soengas.

Aos romanos débese a construción no século II da primeira ponte da vila, unía os dous barrios, que logo sería aproveitado polos peregrinos na súa peregrinaxe a Santiago, convertíndose nun enclave chave no Camiño de Santiago, pois era unha das poucas pontes que por aquel entón permitían cruza-lo Miño. Portomarín xa aparece citada como "Portumarini" no ano 792.

A orixe da vila parece estar ligado ao conde Don Gutierre e á condesa Dona Ilduara, pais de San Rosendo, bispo de Mondoñedo e fundador do mosteiro de Celanova no s. X

Durante a Idade Media debeu de acadar gran importancia, ata o punto de contar con 3 ordes de cabalería. Na marxe esquerda estaban os Cabaleiros da Orde de Santiago, nada no mosteiro de Loio, e a Orde do Templo. Na marxe dereita estaba a Orde dos monxes-cabaleiros da Orde de San Xoán de Xerusalén. O carácter guerreiro destes monxes explica o aspecto de fortaleza da Igrexa de San Xoán, coñecida como San Nicolás, ao estar situada no barrio de San Nicolás do Portomarín antigo.

No Códice Calixtino aparece Portomarín denominado coma Pons Minea (ponte do Miño), e xa entón era un fito importante do camiño xacobeo, sendo o seu maior esplendor sobre todo nos séculos X ao XII, cando Portomarín, paso obrigado do Camiño de Santiago é considerado un dos marcos máis importantes, tras pasar a cima do Cebreiro.

En 1112 a Ponte foi destruída por Dona Urraca, reina de Castilla, para frear o paso das tropas do seu marido, Alfonso o Batallador, e 8 anos máis tarde esta mesma raíña ordenaría reconstruír a ponte a un tal Pedro o Peregrino.

Posteriormente o arcebispo Pedro Arias entregou o burgo de Portomarín á recién creada Orde de Santiago. Baixo o reinado de Alfonso IX a vila pasou a depender da orde de San Xoán de Xerusalén.

No 1126 Pedro o Peregrino construíu un hospital, en cuxa fachada líase a frase "Domus Dei". O Hospital, adicado a atención dos peregrinos foi confiado á Orde de Santiago e logo á Encomenda de San

Xoán, á que tamén correspondía o burgo de Portomarín e o coidado da ponte e do Camiño de Santiago. Hospital foi derrubado en 1944.

A antiga vila estaba constituída por dous barrios, divididos polo río Miño, o de San Pedro na marxe esquerda e o de San Xoán na marxe dereita.

Portomarín o novo creouse a mediados do século XX nas terras altas do monte do Cristo na marxe dereita do río Miño. Portomarín o vello dorme baixo as augas do encoro de Belesar. A vila trasladouse ao Monte do Cristo debido á construción do pantano.

O patrimonio monumental foi trasladado pedra a pedra ata ou seu actual emprazamento. Trasládáronse as igrexas de San Nicolás , San Pedro e algúns pazos do século XVI, como o do Conde da Maza do século XVI e o Pazo dos Pimentales ou de Berbeteros, do século XVII.

A igrexa de San Xoán, hoxe denominada de San Nicolás, construída nos séculos XII e XIII, é un dos monumentos románicos máis senlleiros do Camiño de Santiago, a igrexa de San Pedro, data do século X e forma parte dun conxunto integrado polo Pazo de Berbetoros e o Pazo do Marqués de Paredes.

Hoxe, o primitivo pobo está baixo as augas do encoro de Belesar cuxas obras inicianse no ano 1956. A súa cola, de máis de 40 km, somerxería para sempre esta vila, nacemento o Portomarín que hoxe contemplamos no ano 1962.

### **Igrexa de S. Xoan**

A igrexa de San Nicolás, antiga igrexa de San Xoán, foi construída entre finais do século XII e comezos do século XIII, pertence logo ó románico tardío.

Erguida pola orde de San Xoán de Xerusalén esta igrexa-fortaleza tiña baixo o seu control a ponte que atravesaba o Miño e o coidado do hospital de peregrinos, daí ou seu aspecto de fortificación.

San Nicolás pertenceu, primeiro, á Orde de Santiago; despois, á Orde de San Xoán de Xerusalén, máis tarde de Malta.

Foi reedificada pedra a pedra no seu lugar actual cando o encoro de Belesar alagou os dous barrios que formaban o orixinal Portomarín ( San Nicolás e San Pedro).

San Xoán de Portomarín é un dos edificios románicos máis impactantes, non só da provincia de Lugo, senón de toda Galicia. Salienta o gran rosetón, cun deseño xeométrico.

Esta igrexa-castelo ten unha planta de nave única. A ábsida consta dun tramo recto cuberto por bóveda de canón e outro semicircular con bóveda de forno. Conta con tres magníficas portadas esculpturadas, decoradas cunha forte impregnación do simbolismo románico. A principal evoca a visión apocalíptica plasmada no Pórtico da Gloria, no tímpano atopamos un Pantocrator e as arquivoltas adornadas cos 24 anciáns do Apocalipsis dispostos en forma radial, feito que fai vencellar esta porta á escola do Mestre Mateo. A porta Norte figura unha Anunciación, enmarcada por arquivoltas decoradas con motivos xeométricos. A porta Sur amosa no tímpano figuras de santos, motivos vexetais, animais e figuras humanas. Na fachada posterior aparece un pequeno rosetón e debaixo unha ábsida na que se abren tres celosías, enmarcadas por columnas góticas e arcos de medio punto, decorados con motivos xeométricos.

No interior da igrexa a decoración é mais sobria, aínda que conserva restos de pinturas góticas, un baldaquino do século XVI e unha magnífica escultura de Cristo Crucificado do século XIV, realizada en madeira policromada.

A igrexa aglutinaba a función relixiosa e castrense, daí a súa voluminosidade, rematada cun paseo de ronda ameado con clara finalidade militar.

O 3 de xuño de 1931 foi declarada **Monumento Histórico - Artístico**.

Igrexa de San Pedro data do século X, aínda que consagrada no 1182 polo bispo de Lugo Rodrigo II, segundo a inscrición que figura na portada do templo.

Igrexa de orixe románica, declarada **Monumento Histórico Artístico**, foi trasladada pedra a pedra dende o antigo Portomarín cando as augas do encoro de Belesar alagaron a vila.

Construída en sillaría de granito, conserva do estilo románico a súa portada, formada por arcos de medio punto con arquivoltas cubertas de motivos xeométricos. O tímpano sostido por batentes con forma de cabeza de touro ornáméntase con dous semicírculos estrelados.

No interior contén un sepulcro de pedra do Marqués de Bóveda, e destaca a fermosura do retablo do século XVI.

### **Escalinata E Capela Das Neves**

A escalinata de Portomarín atópase fronte á ponte. Feita en granito, conduce á capela da Virxe das Neves.

A capela está situada nun arco da antiga ponte medieval no centro urbán da vila, no lugar que antano ocupara o hospital da Orde de San Xoán, coñecido como Domus Dei.

Trátase dunha sinxela construción feita en manpostería con nave única e espadana na fachada.

### **Ponte Do Miño**

A construción máis antiga data do século II; e fíxose pola necesidade de paso para cruza-lo Miño. Entorno a ela foi nacendo aos poucos un poboado.

A Ruta de Santiago foi dirixida a esta ponte porque era o único xeito de cruza-lo río sen utilizar balsas ou barcas. Coa creación do encoro de Belesar construíuse unha nova ponte.

Fonte: páxina do [Concello de Portomarín](#).